

**ORDENANZA FISCAL Nº 18 REGULADORA DA TAXA
POR OUTORGAMENTO DE LICENCIA DE PRIMEIRA
OCUPACION DE VIVENDAS**

ART. 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art, 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do Réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88 de 29 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o Concello do Rosal establece a taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación de vivendas e locais á que se refire o artigo 20.4 h) da Lei 39/88.

**ART.2.—FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA
DE CONTRIBUÍR**

1.—Está determinado pola actividade municipal desenvolvida para a prestación de licenza de primeira ocupación de vivendas nos edificios de nova construc-

ción, cambio de uso do construído, a súa reconstrucción ou reforma.

2.—O carácter obrigatorio desta licenza derívase do establecido na Lei do Solo de Galicia e no Regulamento de Disciplina Urbanística.

3.—Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír canda se conceda a corresponde licenza independentemente de que a súa concesión sexa de oficio ou a instancia de parte.

3.—SUXEITO PASIVO

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da lei xeral tributaria, que soliciten a concesión da licenza e os propietarios das vivendas que, aínda sen previa solicitude motiven a actuación urbanística que constitúe o feito imponible.

2.—Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire os artigos 38.1 e 39 da lei xeral tributaria.

3.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da lei xeral tributaria

4.—BENEFICIOS FISCAIS

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os establecidos en normas con rango de lei e os que se derivan da aplicación dos tratados internacionais.

5.—CUOTA TRIBUTARIA

A cuota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 6.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—Os propietarios dos edificios de nova construción, dos que sufriran reformas e os que modificaran o uso das construcións, unha vez concluídas as obras deberán dar conta delas presentando a licenza urbanística en virtude da que se autorizaron tales obras, se a súa obtención era preceptiva. Cumprido o citado trámite ou simultaneamente con el procederán a solicitar a licenza de primeira ocupación. Se non se solicitara o Concello unha vez teña coñecemento da terminación da obra ou do cambio de uso dos locais requirirá ó suxeito pasivo para que a solicite sen prexuízo de impor as sancións ou adoptar as medidas que sexan pertinentes.

2.—Os suxeitos pasivos presentarán certificado final de obra e acreditarán no seu caso a previa solicitude ou instalación das infraestructuras municipais (auga, saneamento..). A citada documentación poderá ser obxecto de comprobación posterior por parte dos servizos técnicos do Concello a efectos de comprobar que a actuación axustouse á licenza concedida para a súa execución e que as vivendas contan cos servizos necesarios para a súa primeira utilización conforme ó destino determinado na licenza.

ARTIGO 7º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que a mesma correspondan en cada caso, estarase a disposto nos artigos 77 e seguintes da lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, coa redacción definitiva foi aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo desta ordenanza, entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no boletín oficial da provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

Vivendas unifamiliares, adosadas e colectivas (incluídos estudos e apartamentos ,por cada unha) 6 euros

EN VIVENDAS COLECTIVAS

Baixos lóbregos por cada un 8 euros

Baixos divididos por cada un 6 euros (referidos a división de baixo matriz e para distinto propietario)

Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes ,trasteiros, adegas por cada planta ou semiplanta 6 euros